

Autor : Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa)

INTRODUCCIÓN.

Nace esta proposta para unha serie de sesións titoriais semanalmente secuenciadas (unha á semana, aproximadamente entre 8 e 10 en total), centradas en tres eidos de intervención preferente, na etapa da FPBásica : mellora da autoestima deste alumnado ; adestramento en habelencias sociais; e tamén, na resolución pacífica de conflitos. Porén a súa estrutura **“á par e en paralelo”** tamén é trasladábel aos dous niveis dos programas de diversificación curricular, e en xeral aos grupos da etapa da ESO, preferentemente non moi numerosos.

Parto da seguinte premisa: un/unha menor cunha boa autoestima, e cunha óptima capacidade de relación socioescolar, seguramente creará menos conflitos ca alguén sen nada disto. E mesmo, nun conflito, o primeiro deles poderá xestionalo razoablemente mellor co segundo.

Polo tanto, vin no alumnado da **“FP Básica de Agraria – Agroxardinaría e composicións florais”**, a poboación diana axeitada á hora de recibila implementación desta proposta, integrada no PAT, contextualizada nunha aula aberta á realidade, e xustificada legalmente na **Orde do 5 de agosto do 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas da FP Básica na Comunidade Autónoma de Galicia, e en concreto no seu artigo 6º** : *no PAT deseñaranse actividades especificamente centradas nunha serie de aspectos. Entre estes :*

- *Fomento da responsabilidade e da autoestima.*
- *Resolución de conflitos.*
- *Habelencias comunicativas.*
- *Traballo en grupo ...*

Daquela apértome a un concepto cinematográfico: a **ELIPSE** como recurso narrativo, ou sexa, ver se somos quen de dar un salto no espazo e no presente destes escolares , agora FP Básica. E intuír ao pé dos seus futuros unha lenda que, felizmente anuncie: **“Dous anos despois ...”**. Como no cinema.

OBXECTIVOS

- Promover no alumnado unha imaxe axustada de sí mesmo.

Autor: Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa)

- Dotalos de protagonismo na construción dese proceso.
- Ofrecerlles pautas e modelos de autocontrol PROSOCIAL nos seus contextos de relación.
- Favorece-la súa integración na vida do centro.
- Achegalos á resolución pacífica de CONFLITOS.
- Apostar polas ZONAS VERDES deste grupo de PERSOAS.

METODOLOXÍA

- ☒ **Cooperativa** no seo dun grupo **heteroxéneo**.
- ☒ **Dinámica** e con ritmo na implementación.
- ☒ **Variada**.
- ☒ **Proactiva**.
- ☒ **Centrada** nos seus intereses xeracionais e de grupo.
- ☒ **Respectuosa** con cadansúas sensibilidade.
- ☒ **Acolledora** coas súas producións.
- ☒ **Monitorizados** polo seu **titor**, co apoio do **orientador**.
- ☒ **Participativa**, de xeito que non abonde a **“tripla actividade estruturada”**: *procúranse as achegas audiovisuais del@s no eido da mellora das súas autoestimas, na suba das súas competencias sociais, e na redución de conflitos.*


TEMPORALIZACIÓN: CADA SESIÓN TITORIAL de 50´ subdivídese en tres fases:


I. 20´ de AUTOESTIMA	II. 20´ de HHSS	III. 10´ de análise e resolución de CONFLITOS
-----------------------------	------------------------	--








Témo-la sorte de dispór dalgún tempo adicional que nos está a ceder de:


	Operacións básicas para o mantemento de XARDÍNS e PARQUES .
	“ “ de produción e mantemento de PLANTAS .
	Operacións auxiliares de preparación do TERREO e PLANTACIÓN .
	“ “ básicas en instalación de XARDÍNS, PARQUES, e ZONAS VERDES .


Autor : Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa).






3ª sesión : "Xogos de coñecemento" : "TÉCNICA VERBAL D@ DIRECTOR@ DE CINEMA"  VIDEOCREACIÓN+FOTOGRAFÍAS 	3ª sesión : VISIONADO dos 10' iniciais de "GRANDE CANÓN" : HHSS alternativas á agresión, á provocación. Evitar liortas  	3ª SESIÓN : "O PRADO". Análise : cap. 3º e 4º. Mala xestión dun conflito TERRITORIAL. 
4ª sesión : "Xogos de afirmación" : "Apagalumes" "Treboada e bonanza"  	4ª sesión : VISIONADO dun capítulo de "NOITE NA TERRA"  Escoitar e argumentar 	4ª SESIÓN: Análise de "AS ENCROBAS: A CEO ABERTO". Conflito de INTERESES: loita entre partes asimétricas 
5ª sesión: Xogo de comunicación: "Con ollos novos"  	5ª SESIÓN: "A CLASE".   ¿Argumentar = Desbardallar?	5ª SESIÓN: Análise: . ALTERNATIVAS á VIOLENCIA de XÉNERO. "FLORES DOUTRO MUNDO" 








8ª sesión:


Xogo de **distensión** : “Mando a distancia”



8ª sesión **secuencias de:**

THE GARDENER.

Habelencias de planificación. Tomar iniciativas, distinguir a causa dun problema, fixar un obxectivo, recolleitar información, arranxar prioridades, DECIDIR, concentrarse nunha tarefa



8ª sesión : **análise dalgúns caps. de “BENVIDO Mr.CHANCE” :**



*Evoluir sen ir ao complexo.
Simplificar sen CONFLITO.*